



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional Xan Víaño  
Avenida DO MAR - CARANZA 2-4 Ferrol  
CP 15406 Coruña (A)  
Tfno. 981333317, Fax 981326748  
cmus.xanviano@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cmusxanviano/>

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación  
Educativa**

**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

Modelo MD85PRO01

---

Programación Didáctica de

---

# Repentización para acordeonistas

CURSO 2024-2025

Profesor: Jesús Iglesias Vicente

---



## INDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>4</b>
1.1. Presentación e xustificación .....	4
1.2. A quen vai dirixida .....	4
1.3. Coñecementos previos.....	4
1.4. Relacións cos estudos de réxime xeral .....	5
1.5. Relacións interdisciplinares.....	5
<b>2. METODOLOXÍA .....</b>	<b>7</b>
<b>3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</b>	<b>9</b>
Nas actividades de clase .....	9
Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo .....	9
<b>4. TEMAS TRANSVERSAIS.....</b>	<b>10</b>
4.1. Educación en valores .....	10
4.2. Tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TICs) 10	
<b>5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS .....</b>	<b>11</b>
5.1. Fomento da lectura .....	11
5.2. Funcionalidade dos contidos .....	11
5.3. Actividades extraescolares.....	11
<b>6. PROGRAMACIÓN DE CURSO .....</b>	<b>12</b>
6.1. CUARTO CURSO DO GRAO PROFESIONAL .....	12
6.1.1 Obxectivos .....	12
6.1.2 Contidos.....	12
6.1.3 Avaliación .....	13
Criterios de avaliação.....	13
Mínimos esixibles .....	14
Procedementos e ferramentas de avaliação.....	14
Avaliación Inicial .....	14
Criterios de cualificación .....	16
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	16
6.1.4 Medidas de recuperación .....	17
Procedementos de recuperación ordinarios .....	17
Probas extraordinarias .....	17
6.1.5 Recursos didácticos.....	17
6.2. QUINTO CURSO DO GRAO PROFESIONAL.....	21
6.2.1. Obxectivos .....	21
6.2.2. Contidos.....	21
6.2.3. Avaliación .....	22



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Criterios de Avaliación.....	22
Mínimos esixibles .....	23
Procedementos e ferramentas de avaliación .....	24
Procedementos ordinarios .....	24
Avaliación Inicial .....	24
Procedementos alternativos.....	24
Criterios de cualificación .....	25
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	25
6.2.4. Medidas de recuperación .....	25
Procedementos de recuperación ordinarios .....	25
Probas extraordinarias .....	26
6.2.5. Recursos didácticos. ....	26
6.3. SEXTO CURSO DO GRAO PROFESIONAL.....	29
6.3.1. Obxectivos .....	29
6.3.2. Contidos.....	29
6.3.3. Avaliación .....	30
Criterios de Avaliación.....	30
Procedementos de Avaliación.....	31
Procedementos Ordinarios .....	31
Avaliación Inicial .....	31
Procedementos Alternativos .....	32
Mínimos esixibles .....	32
Criterios de cualificación .....	32
6.3.4. Medidas de recuperación .....	33
Procedementos de recuperación ordinarios .....	33
Probas extraordinarias .....	33
6.3.5. Recursos Didácticos .....	34



## 1. INTRODUCIÓN

### 1.1. Presentación e xustificación

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionáis. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de setembro. A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

### 1.2. A quen vai dirixida

A presente programación está dirixida a alumnado do grao profesional e concretamente a alumnado da especialidade de acordeón. Para acceder a este grao non existen límites de idade, polo que os grupos das materias colectivas non teñen por que ser homoxéneos.

### 1.3. Coñecementos previos

Para o acceso a 1º de grao profesional é preciso ter aprobada a proba específica de acceso. Pódense facer probas similares para acceder ao resto dos cursos.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Os alumnos que superen o curso pasarán ao seguinte cun máximo de dúas materias pendentes.

### 1.4. Relacións cos estudos de réxime xeral

A maioría do alumnado compatibilizan estes estudos con outros de réxime xeral. Nun porcentaxe amplio, o alumnado dos primeiros cursos de grao profesional cursan a E.S.O. e o alumnado de 5º e 6º de grao profesional compatibilizan os nosos estudos co bacherelato.

### 1.5. Relacións interdisciplinares

#### INSTRUMENTO

Na asignatura de instrumento, o alumno, porá en práctica os coñecementos que vai adquirindo no resto de asignaturas para desenrolar as sensibilidades auditivas, técnico musicais e persoais propias dunha interpretación instrumental.

#### LINGUAJE MUSICAL

Fomenta as bases da lectura e comprensión das partituras instrumentais, e permite que o alumnado realicen unhas interpretacións de calidade.

#### CORO/ORQUESTRA

Incorporan ao alumnado en grupos numerosos, e fanos participar dunha sección coa responsabilidade que require. Inciden nun desenrolo técnico propio do traballo en conxunto.

#### HARMONÍA

Faculta ao alumnado a recoñecer a importancia da súa voz cando tocan dentro dun conxunto, axudaos a comprender os elementos compositivos que integran o seu repertorio.

#### ANÁLISE

Senta as bases que permiten que o alumno entenda e consiga interpretar a música que escoitan, ou tocan desde un punto de vista técnico e artístico de acordo co estilo musical e a época na que a obra foi composta. Nun aspecto ou outro ten unha relación directa codas



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

as demais materias dos cursos 5º e 6º.

### HISTORIA

Aporta á materia coñecementos sobre os estilos das diferentes épocas e autores, aportando datos sobre o contexto sociocultural e de cómo este inflúe na estética musical.

### INFORMÁTICA

As novas tecnoloxías aplicadas á música darán máis liberdade ao alumnado para que presenten a súa creatividade e para que poidan empregar recursos no seu estudo individual (Gravarse, editar partituras, etc....)

### CONXUNTO

Con esta materia o alumnado son responsables co seu traballo individual do resultado do conxunto. O alumnado deben empregar tódalas ferramentas aprendidas nas clases instrumentais así como os coñecementos adquiridos nas clases colectivas.



## 2. METODOLOXÍA

Os principios metodolóxicos xerais terán como base aqueles que se estableceron dacendo co principio de globalización interdisciplinariedade (linguaxe musical e educación auditiva e vogal). Para planificar e desenvolver este curso terase en conta o nivel de coñecementos previos do alumno. Deste modo axustarase a práctica diaria ás características, peculiaridades e necesidades do alumno. O método de ensinanza será significativo, funcional e individualizado (Vigotsky e Ausubel), de maneira que quede potenciada a capacidade do alumno por aprender por sí mesmo. Ao longo do proceso será fundamental a participación e interacción do alumno, será esta a maneira de saber se existe comprensión do que se expón e aclarar posibles dúbidas. O aprendizaxe da repentización basearase fundamentalmente na posta en práctica duns exercicios técnicos por parte do alumno; propostos polo profesor. As sesións de traballo na clase servirán de modelo para a súa posterior realización na casa. Esta aprendizaxe será fundamental tanto para a comprensión musical como para a aplicación destes contidos nos estudos e obras de repertorio.

O profesor vixiará en todo momento a adecuada colocación do instrumento, e unha correcta posición que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto “corpo-instrumento”

O profesor insistirá na necesidade da coordinación dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na práctica.

Explicará as características xerais e posibilidades sonoras do instrumento, cun vocabulario adecuado ó alumno e ilustrarao con exemplos clarificadores.

O profesor suxerirá ó alumno un repertorio básico de obras de diferentes estilos, de dificultade acorde co nivel, como solista e como membro dun grupo

O profesor velará por unha correcta produción do son tanto a



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

través da explicación da articulación dixital como da articulación do fol.

O profesor suxerirá ó alumno un repertorio básico de obras de diferentes estilos, de dificultade acorde co nivel, como solista e como membro dun grupo e terá a potestade de modificalo se o proceso de aprendizaxe do alumno se ve comprometido polo motivo que sexa, (estancamiento, falta de estudio, faltas de asistencia coa conseguinte falta de continuidade no proceso de aprendizaxe, falta de interese do alumno polo excesivo tempo de traballo do repertorio sen resultados, etc).

Favorecerase a toma de conciencia sobre a importancia do traballo individual.

O profesor explicará de forma adecuada ó nivel e linguaxe do alumno, as orixes e historia do acordeón, así como os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento, información que se irá completando con datos sobre compositores, obras e intérpretes.

O profesor convidará ó alumno a tocar en público, en concertos didácticos, tanto fóra como dentro do centro, para a comprensión da función comunicativa da música.

### Organización do tempo e do espazo

Estes aspectos veñen definidos polas características físicas do edificio, e polos horarios da ensinanza obligatoria. A xefatura de estudos elaborará o reparto de aulas e espazos do centro conforme crea convinte.



### 3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

#### Nas actividades de clase

A ensinanza da repentización require dunha constante adaptación por parte do profesor ás condicións específicas de cada alumno co fin de dar unha resposta educativa máis axeitada ás súas necesidades. Para atender a esta diversidade realizaremos unha avaliación inicial centrándonos en tres criterios:

- a. En función do seu nivel musical.
- b. En función da súa actitude e interese hacia os estudos musicais.
- c. En función do grao de adaptación segundo as súas condicións físicas.

#### Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Ante un caso con necesidades educativas especiais podemos recurrir a diferentes medidas e respostas para atender a diversidade que ocasione. En primeiro lugar debemos ter claro que os centros escolares deben permitir a integración funcional, social e física do alumno. As medidas poden necesitar unha dotación de recursos extraordinarios que se clasifican en medios persoais (profesorado de apoio, traductores, especialistas...), medidas ambientais e materiais e medios de acceso físico. Ademais pode existir a necesidade dunha adecuación curricular. Esta pode basearse nunha medida de reforzo educativo que pode ter cabida no conservatorio, ben interno ou externo ao centro ou nunha atención curricular individualizada (ACI), que só se realizará cando se poida prever que o problema é transitorio e que o alumno alcanzará un desenvolvemento normal nun tempo estimado, xa que non se permite rebaixar o nivel dos obxectivos de cada curso.



## 4. TEMAS TRANSVERSAIS

### 4.1. Educación en valores

A parte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que o alumnado adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

### 4.2. Tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TICs)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesorado e alumnado. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar ao alumnado a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.



---

## 5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

---

### 5.1. Fomento da lectura

Enfocaremos o fomento da lectura en dúas vertentes: por unha banda, a literatura musical, procurando que o alumnado teñan acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu interese por coñecelos; por outra banda ofreceremos acceso a diversa literatura especializada sobre a materia.

### 5.2. Funcionalidade dos contidos

Os contidos desta programación teñen como función a posta en práctica de exercicios que contribúan a acadar os obxectivos do curso.

### 5.3. Actividades extraescolares

As actividades extraescolares estarán organizadas polo centro, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.. O alumnado e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar ao alumnado e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respeto e convivencia, entre outros.



## 6. PROGRAMACIÓNS DE CURSO

### 6.1. CUARTO CURSO DO GRAO PROFESIONAL

#### 6.1.1 Obxectivos

- a) Recoñecer os elementos que constitúen unha partitura ou fragmento segundo se toca á primeira vista ou despois dunha breve lectura sen instrumento, tanto de repertorio solista como de grupo nun nivel de 1º de grao elemental
- b) Coñecer dun xeito práctico os elementos básicos do sistema tonal. Cifrados
- c) Improvisar unidades formais con formas básicas (imitación, variación, pregunta-resposta, etc)
- d) Realizar acompañamentos a melodías dadas con acordes fundamentais en MI-MII
- e) Valorar a improvisación coma unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical.
- f) Iniciarse na música tradicional e moderna (jazz, blues) mediante exercicios baseados nas estructuras (melódicas, armónicas, rítmicas, etc) propias de cada estilo.
- g) Valorar a lectura á primeira vista e a transpoción como desarrollo formativo das capacidades e reflexos.
- h) Desenvolvemento do oído, especialmente o armónico.

#### 6.1.2 Contidos

Este tipo de contidos, específico para a clase de repertización en alumnado de acordeón, será unha constante durante todo o curso e dependerá da asimilación particular de cada alumno. Os contidos non se traballarán de forma illada, posto que existe unha clara relación de interacción entre eles.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Estudio da distribución topográfica do sistema empleado en cada caso. MI de teclas ou botón e MII.
- Métodos (atallos) a través de concreción postural de lectura a primeira vista.
- Asimilación de estructuras harmónicas simples (intervalos harmónicos de 2<sup>a</sup>, 3<sup>a</sup>, 4<sup>a</sup>, 5<sup>a</sup>).
- Interacción de esquemas melódicos e harmónicos entre os dous manuales MI-MII
- Análise de partituras ou fragmentos das mesmas para asocialos ós esquemas melódico-harmónicos aprendidos.
- Estudio da discriminación auditiva como método de asociación a esquemas harmónicos.
- Análise das líneas melódico-harmónicas para asocialos ós esquemas estilísticos dun repertorio.
- Análise dos contornos rítmicos para asocialos ós esquemas estilísticos dun repertorio.
- Audición de obras de diferentes estéticas co fin de comprobar os elementos distintivos de cada estilo analizado.
- Improvisación sobre esquemas tanto harmónicos como melódicos prefixados en función do estilo traballado (Tradicional, blues jazz, etc)

### 6.1.3 Avaliación

#### Criterios de avaliação

- Realizar de forma elemental estructuras de oito compases, cos acordes en estado fundamental. Mediante este criterio poderá avaliarse a capacidade e resposta do alumno na práxe dos diferentes graos en distintos tonos (hasta con tres alteracións).
- Realizar en distintos tonos e compases, e con diversos plantexamentos rítmicos, estas mismas estructuras armónicas. Mediante este criterio preténdese valorar-la capacidade do alumno para controlar o tempo través dos diferentes cambios



rítmicas.

- Realiza-las citadas estruturas mediante plantexamentos melódicos, tendo como punto de partida un motivo e adaptándolo sucesivamente hasta completa-la frase. Este criterio pretende valorar-la capacidade creativa do alumno.
- Repentizar partituras, como solista ou como acompañante, realizando previamente un análise melódico, harmónico e rítmico.

### Mínimos esixibles

Considéranse criterios mínimos esixibles para superar o trimestre a realización da seguinte proba:

- Improvisación sobre una estructura harmónica (25%).
- Repentización dun fragmento á vista (50%)
- Transporte á vista dun fragmento seleccionado (25%)

A consecución óptima e solvente destes obxectivos mínimos, garantirá como máximo a cualificación de 5 puntos.

## Procedementos e ferramentas de avaliación

### Avaliación Inicial

A comezo de cada curso lectivo, realizarase una avaliação inicial coa intención de analizar o punto de partida de todos o alumnado de GE e GP, para así detectar os coñecementos e destrezas das que se parte. Este tipo de avaliação, está pensada de xeito orientativo, para que os profesorado escollan as metodoloxías máis apropiadas ao nivel de desenvolvemento do alumnado.

A avaliação inicial, dependendo da materia que se trate, constará dunha proba práctica ou escrita a criterio do profesor, e basearse nos obxectivos e contidos de cursos anteriores.

A avaliação é continúa para poder detecta-las necesidades do alumno en todo momento, e corrixir posibles deficiencias (o profesor, ten



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

potestade para modificar en calquera momento o material didáctico de referencia estructurado para cada alumno ó principio do curso (estudios técnicos, repertorio, datas de audicións e concertos, etc.), se considera que se está a producir un estancamiento no seu proceso de aprendizaxe.

Os instrumentos principais para avaliar esta, serán a observación sistemática e directa do alumno, a verbalización (intercambio de impresións) e a escoita do que o alumno realiza nas diferentes sesións da clase.

Poderán realizarse as seguintes actividades de avaliação en cada unha das avaliações ordinarias de trimestre:

- Elaborar documentación relativa ás prácticas propostas polo profesor.
- Realizar e presentar na data fixada, os traballos realizados na clase, en tempo e forma.
- Defender públicamente un traballo realizado.
- Proba escrita.
- Proba práctica.
- Controis individuais, tanto oráis como escritos para o control do aprendizaxe.

Ao longo das clases, realizaranse frecuentes observacións, que permitan comprobar a participación activa de cada alumno. Teranse en conta igualmente as actitudes do alumnado na clase, a nivel comportamento, integración no grupo, así como no interés pola materia.

pódense distinguir varios momentos na avaliação:

- Primeira avaliação: coincide coas vacacións de Nadal, e inclúe a avaliação inicial, necesaria para que o profesor coñeza a situación do alumno ó principio do proceso de aprendizaxe, para elabora-las estratexias.
- Segunda avaliação: coincide coas vacacións de Semana Santa.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Terceira avaliación e final: na que se terá en conta os obxectivos alcanzados ó longo de todo o curso.

### Criterios de cualificación

Para os procedementos ordinarios, poderase utilizar os seguintes medios:

- As actividades diárias de clase
- Exames prácticos ou audicións en clase que se realizarán unha vez ó trimestre
- Audicións públicas
- Exames escritos.
- Todas aquelas probas relacionadas coa materia impartida que o profesor considere oportunas en función das circunstancias de cada alumno.

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo ós distintos aspectos avaliativos, e seguindo as seguintes porcentaxes:

**Criterios técnicos:** 50%

**Criterios estéticos:** 40%

**Criterios actitudinais:** 10%

Para as Probas Extraordinarias, os criterios de Avaliación serán os seguintes:

**Criterios técnicos:** 50%

**Criterios estéticos:** 50%

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.

A ampliación de matrícula ao curso seguinte poderá ser solicitado polo Titor e cunha Xunta Avaliadora, naqueles casos nos que o alumno teña superado os obxectivos e contidos do curso e asignaturas correspondentes no que se atopa e sempre que a totalidade dos profesorado do alumno estén de acordo.



#### 6.1.4 Medidas de recuperación

- Audicións públicas
- Exames escritos.
- Calquera proba que considere oportuna o profesor dependendo de cada alumno en particular.

#### Procedementos de recuperación ordinarios

- Actividades de recuperación individuais, en cada caso, mediante un informe elaborado polo profesor.
- O alumnado que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.
- Exames de recuperación ao longo do curso.

Os profesorado contemplarán a posibilidade de destinar algunas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para o alumnado que o necesiten.

#### Probas extraordinarias

O alumnado que non superen o curso na convocatoria de xuño, teñen dereito a un exame en convocatoria extrahordinaria. Neste exame deberán realizar un exercicio teórico práctico que se baseará nos contidos da programación didáctica de referencia. En caso de dúbida o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

Criterios de cualificación:

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo ós distintos aspectos avaliativos, e seguindo as seguintes porcentaxes:

**Criterios técnicos:** 50%

**Criterios estéticos:** 50%

#### 6.1.5 Recursos didácticos

Por tratarse dunha asignatura de carácter colectivo, disporremos na aula dos instrumentos particulares do alumnado e o material dispoñible na aula segundo o inventario da aula.



BIBLIOGRAFÍA:

Ainda que utilizarmos a meirande parte do material especificado nesta bibliografía dicir que na maior parte dos casos os exercicios son compostos polo professor, material da matéria de acordeón, repertorio tradicional e fondos de partituras dispoñibles na rede e cunhas características técnicas adaptadas e condicionadas polo nivel do alumnado.

**1. IMPROVISACIÓN e CIFRADOS**

- Improvisación al piano (Vol 1) Ejercicios fundamentales. E. Molina.- Real Musical
- Improvisación al piano (Vol 2) Estructuras armónicas. E. Molina.- Real Musical
- Improvisación al piano (Vol 3) Estructuras melódicas. E. Molina.- Real Musical
- Tratado de acompañamiento. E. Durand.
- Tratado de acompañamiento, Camilo Williart, (vols 1 y 2).- Real Musical
- Escuela del bajo cifrado. Ángeles López Arteaga.- Real Musical
- Bajo Cifrado Barroco. Asins Arbó, Williart y Molina.- Real Musical - Teoría y práctica del Bajo Cifrado.- M. Asins Arbó.- Real Musical
- A Modern method of keyboard Study. (Vols del 1 al 4). Berklee press.- James Progris -
- How to improvise. Hall Crook
- The jazz piano book.- Mark Levine - Improvisando jazz.- Jerry Coker.- Víctor Lern editorial - Charlie Parker Omnibook.- Atlantú Music Corp. - Real Book.

**2. Análise, Repentización e Transporte.**

- Repertorio orientativo da materia de acordeón (ver programación didáctica de acordeón).
- Método de Transposición. - Doupond.-Boileau



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- 101 ejercicios para la práctica de la repentización y el transporte.
- M. Asins Arbó.- Real Musical
- Corales para órgano de J.S. Bach
- "Chants et morceaux", piezas para violín y piano.
- Estudios de Bertini, Burmüller, Lörschhorn, Séller, etc...
- Sonatinas de Mozart, Clementi, Beethoven, Scarlatti, etc...
- Pequeñas obras románticas de Schumann, Tchaikowsky, Schubert, etc...
- Pequeñas obras del s. XX: Prokofieff, Kabalevsky, Bartók...
- Escuela Europea para teclado.- ed. Schott.
- Specimen sigue reading tests y Examination pieces para piano de A/B/R/S/M/ publishing.

## 3. HARMONÍA:

- De la Motte, Diether.- Armonía.
- Labor - Piston, Walter.- Armonía.- Labor
- Reti, Rudolph.- Tonalidad, atonalidad, pantonalidad.- Rialp.
- Schönberg, Arnold.- Funciones estructurales de la armonía.- Labor.
- Schenker, Heinrich.- Armonía.- Real Musical
- Sahöemberg, Arnold.- Armonía.- Real Musical
- Zamacois, Joaquín.- Tratado de armonía (3V).- Labor
- Teoría musical y armonía moderna (Vol I y II).- Enric Herrera.- Antoni Bosch editor.

## 4. FORMACIÓN DO OÍDO

- Hindemith, Paul.- Adiestramiento elemental para músicos.
- Ricordi Americana. - Kühn, Klemens.
- Formación musical del oído.- Labor

## 5. FORMAS MUSICAIS

- Bas, Julio.- Tratado de la forma musical.- Ricordi Americana



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Kühn, Clemens.- Tratado de la forma musical.- Labor
- Zamacois, Joaquín.- Tratado de la forma musical.- Labor
- Rosen, Charles.- Formas de sonata.- Labor



## 6.2. QUINTO CURSO DO GRAO PROFESIONAL

### 6.2.1. Obxectivos

- a) Recoñecer os elementos que constitúen unha partitura ou fragmento segundo se toca á primeira vista ou despois dunha breve lectura sen instrumento, tanto de repertorio solista como de grupo nun nivel de 2º-3º de grao de elemental.
- b) Coñecer dun xeito práctico os elemtos e procedementos básicos do sistema tonal. Cifrado americano.
- c) Improvisar unidades formais con formas básicas (imitación, variación, pregunta-resposta, etc)
- d) Realizar acompañamentos a melodías dadas con acordes fundamentais en MI-MII
- e) Valorar a improvisación coma unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical.
- f) Iniciarse na música tradicional e moderna (jazz, blues) mediante exercicios baseados nas estructuras (melódicas, armónicas, rítmicas, etc) propias de cada estilo.
- g) Valorar a lectura á primeira vista e a transpoción como desarrollo formativo das capacidades e reflexos.
- h) Desenvolvemento do oído, especialmente o armónico.

### 6.2.2. Contidos

Este tipo de contidos, específico para a clase de repentización en alumnado de acordeón, será unha constante durante todo o curso e dependerá da asimilación particular de cada alumno.

Os contidos non se traballarán de forma illada, posto que existe unha clara relación de interacción entre eles.

- Estudio da distribución topográfica do sistema empregado en cada caso. MI-MII de teclas ou botóns



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

